

pola Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión, e por proposta do presidente do Consello de Administración do ente público

Nomeo a José Ignacio Villar García director do ente público Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 28 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan, para o ano 2008, subvencións aos concellos para estudos de cobertura do sinal, realización de proxectos técnicos e dotación de equipamentos para o servizo de televisión dixital terrestre.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no DOG nº 24, do 4 de febreiro, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 1.953, no artigo 4º, onde di: «-75.000 euros para a modalidade A»; debe dicir: «-25.000 euros para a modalidade A».

Corrección de erros.-Resolución do 1 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convoca e regula o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior.

O 11 de febreiro de 2008 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 29 a Resolución do 1 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convoca e se regula o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos e campos de traballo dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior. Advertido un erro no anexo II, procédese novamente á súa publicación.

ANEXO II

Designación das prazas en campos de traballo

Instalación	Modalidade	Data	Idade	Prazas
Campo de traballo Illas Cíes Vigo (Pontevedra)	Medio natural e arqueoloxía	1-15/xullo	18-24	2
Ourela de Augas Santas, en Palas de Rei (Lugo)	Arqueoloxía/social	16-30/xullo	18-24	2
Campo de traballo Illas Cíes Vigo (Pontevedra)	Medio natural e arqueoloxía	16-30/xullo	25-30	2
Campo de traballo arqueolóxico Boiro (A Coruña)	Arqueoloxía	16-30/xullo	18-24	2
Campo de traballo arqueolóxico de Cuntis (Pontevedra)	Arqueoloxía	1-15/agosto	18-24	2
Campo de traballo arqueolóxico Formigueiros (Lugo)	Arqueoloxía	1-15/agosto	18-24	2
Campo de traballo arqueolóxico Boiro (A Coruña)	Arqueoloxía	1-15/agosto	25-30	2
Campo de traballo Laioso-Esgos (Ourense)	Ambiental	1-15/agosto	25-30	2
Campo de traballo Rec. Emb. Tradicional en Moaña (Pontevedra)	Cultural-etnográfico	1-15/agosto	25-30	2

Resolución do 12 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2008.

De acordo co previsto no artigo 7 da Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo, logo da proposta formulada pola Comisión Central de Avaliación, convócanse as probas para a obtención dos certificados de coñecemento de lingua galega Celga 1, 2, 3 e 4:

1. Obxecto: convocar as probas para a obtención dos certificados acreditativos dos niveis de lingua galega Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2008.

Neste ano realizaranse 2 convocatorias:

-convocatoria de maio/xuño.

-convocatoria de novembro/décembro.

2. Destinatarios: as persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran antes de finais do ano 2008, nacionais ou estranxeiras. Coa solicitude deberán presentar copia do DNI, pasaporte ou documento de identidade vixente.

3. Prazo de inscrición:

Para a convocatoria de maio/xuño: ata o día 25 de marzo de 2008 (inclusive).

Para a convocatoria de novembro/décembro: ata o día 19 de setembro de 2008 (inclusive).